

ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## **ANUNCIO**

Resultando aprobado definitivamente o **Regulamento de utilización da Piscina Municipal de Ribadumia**, aprobado polo Pleno Municipal en sesión de 6 de novembro de 2008, ó non terse presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública (B.O.P. nº 222 de 14.11.08), faise público o texto íntegro da mesma que é do seguinte teor literal:

### ***REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE RIBADUMIA***

**Art. 1º.-** *O presente regulamento ten por obxecto regular a utilización da piscina municipal de uso colectivo do Concello de Ribadumia a fin de garantir as súas condicións hixiénico-sanitarias e un correcto uso daquelas.*

*A regulación das condicións técnico-sanitarias da piscina municipal será a establecida pola Comunidade Autónoma de Galicia e, concretamente, polo Decreto da Xunta de Galicia 103/2005 de 6 de maio.*

**Art. 2º.-** *Período e horario de apertura.*

*Os usuarios e visitantes da Piscina municipal terán acceso a esta exclusivamente durante os meses e horario de apertura, data e horario que se fixarán anualmente e se lles dará adecuada publicidade.- En todo caso, estarán indicados na entrada das instalacións mediante os carteis oportunos e de modo visible.*

**Art. 3º.- Acceso ás instalacións.**

*5. O dereito de acceso só poderá ser exercido polas persoas que acrediten ter previamente aboada a taxa establecida na ordenanza fiscal correspondente, mediante os justificantes que se establezan na mesma.*

*6. Os carnés de abonados serán persoais e intrasferibles por calquera título. O persoal encargado do control de accesos poderá non consentir o acceso e, se é o caso impedilo, cando o aforo da instalación se atope cuberto.*

*7. O Concello non se fai responsable dos eventos danosos que se produzan a causa do uso indebido das instalacións.- enténdese por uso indebido aquel que contravén as normas establecidas por este regulamento e no Decreto da Xunta de Galicia 103/2005 de 6 de maio, así como o uso das instalacións fóra do período e horario establecidos e, sinaladamente, nos momentos nos que se estea administrando produtos desinfectantes.*

*8. Igualmente aquelas persoas que non acrediten contar co equipamento persoal que esixe o cumprimento das presentes normas, non serán autorizadas para acceder á instalación.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

**Art. 4º.- Aforo máximo de utilización simultánea do vaso.**

*O aforo de cada vaso estará situado nunha zona visible, e será controlado polos socorristas os cales poderán establecer quendas co fin de non superar o aforo máximo.*

*O número máximo de bañistas virá determinado pola superficie de cada vaso, de tal xeito que nos momentos de máxima concurrencia cada bañista dispoña polo menos de dous metros cadrados de lámina de auga.*

**Art. 5º.- Persoal da piscina**

*Todos os usuarios e visitantes deberán respetar en todo momento as recomendacións, instrucións ou requerimentos efectuados polos socorristas, monitores e demais persoal responsable nomeado polo Concello.*

*No caso de non cumprir as indicacións destes e, cando se considere que se está alterando a orde, poderáse solicitar a presenza das autoridades se se considera conveniente.-*

**Art. 6º.- Organización de uso**

*A piscina dedicarase primordialmente ó baño libre ou recreativo.-*

*Excepcionalmente, e previo aviso que se colocará no taboleiro de anuncios da piscina, poderase autorizar a organización de eventos ou xogos recreativos que comporten a introducción no vaso de elementos hinchables ou análogos para o desenvolvemento dos xogos.*

**Art. 7.- Prácticas de obrigado cumprimento.**

*Establécense as seguintes prácticas que, en cato normas de uso das instalacións, persiguen o fomento de hábitos higiénicos, o coidado e mantemento das instalacións e a prevención de riscos.*

- 13. Todos os usuarios, tanto dos vasos de adultos como dos de nenos, deberán ducharse inmediatamente antes da inmersión na auga..*
- 14. É obrigatorio a utilización de chancletas ou calzado de baño persoal nas zonas de pés descalzos.- É obrigatorio entrar con chanclas nos vestiarios.*
- 15. É obrigatorio o uso de traxe de baño.*
- 16. Non poderán acceder ás instalacións os nenos menores de 10 anos senon veñen acompañados dun adulto.*
- 17. No vaso ordinario non poderán bañarse os menores de oito anos sen estar acompañados dunha persoa maior de idade que os teña o seu cargo.- A piscina pequena só poderá ser utilizada polos nenos ou adulto que os acompañe.*
- 18. Deben observarse puntualmente tódalas instrucións do socorrista da piscina.*
- 19. Deberán respectarse os espazos reservados ós distintos usos no conxunto das instalacións.*
- 20. Todo usuario ven obrigado a velar polo bo estado de conservación das instalacións e servizos e facer un bo uso dos vestiarios.*
- 21. O uso das instalacións debe facerse coa roupa e calzado deportivo adecuados.*
- 22. É obrigatorio suxeitarse o pelo longo con gomas ou gorro para utilizar a piscina.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

23. O tempo de utilización individual das duchas será o estrictamente necesario.
24. É obrigatorio usas as papeleiras e colectores para depositar lixos.

**Art. 8.- Prácticas prohibidas.**

*Mediante o presente artigo queda prohibido:*

12. A entrada na zona de baño con calzado de rúa.
13. A entrada de animais nas instalacións, agás cans-guía.
14. Abandonar desperdicios dentro das instalacións.
15. Comer, beber e fumar en todo o recinto, agás nas zonas que estean debidamente sinalizadas para tal fin.- Os nenos pequenos poderán comer na zona situada cerca do río, zona que deberá ser debidamente indicada e da que se lle facilitará información polo socorrista ou persoal encargado da piscina.
16. Está prohibido o nado con "aletas" ou introducir calquera outro elemento, excepción feita de elementos para a flotación dos nenos de corta idade (manguitos, flotadores...)
17. Está prohibida a introducción no vaso da piscina mediante salto de calquera modalidade.
18. Está totalmente prohibido correr arredor das piscinas.
19. Están prohibidos os xogos de pelota.
20. Queda prohibido ensuciar ou enlodar a auga con prácticas antihixiencias.
21. Non poderán facer uso da piscina as persoas que padezan algunha enfermidade infecto-contagiosa, especialmente cutánea.
22. Está prohibida a realización de xogos e prácticas perigosas, botar obxectos e, en xeral, tódolos actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o uso normal da piscina polos demais usuarios.

*Os danos e lesión sufridas polos usuarios e visitantes debidos ó incumprimento das obrigas establecidas neste e no artigo anterior serán da súa exclusiva responsabilidade*

**Art. 9.- Recomendacións.**


*Recoméndase o uso de gorro de baño e gafas adecuadas; ademáis da obriga establecida no apartado 10 do artigo 7 nalgúns vasos poderáse establecer mediante carteis a obriga de facer uso destes elementos.*

**Art. 10.- Infraccións**

*Constitúen infraccións as vulneracións ás normas sobre prácticas obrigatorias e prohibicións establecidas neste regulamento, así como, o uso da piscina sen previo pago da taxa. As infraccións clasificaranse en moi graves, graves e leves.*

**4. Constitúen infracción moi graves:**

- a. A contravención de canto se establece polos artigos 2º, 3º e 7º parágrafo 6 e polo artigo 8º parágrafos 6, 9 e 10



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*5. Son infraccións graves:*

*A vulneración do establecido polo artigo 7º, parágrafos 1, 2, 3, 4, 5, 7, 9, 10 e 12  
A vulneración do artigo 8º, parágrafos 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 11*

*6. Son faltas leves*

*A vulneración do establecido polo artigo 7º, parágrafos 8 e 11*

**Art. 11.- Sancións**

- 4. As infraccións moi graves serán sancionadas coa expulsión inmediata da instalación con prohibición de acceso polo tempo que reste de rematar o período anual de apertura ou pola tempada seguinte segundo a data na que se produza a falta.*

*Cando a infracción consista no uso das instalacións fora do período, ou do horario de apertura, a sanción suporá o decaemento do dereito a ser usuario da piscina durante todo o período de apertura inmediato seguinte á data de cometerse a infracción.*

- 5. As infraccións graves serán sancionadas coa expulsión inmediata do recinto e coa prohibición de acceso ó recinto polo tempo que reste de rematar o período anual ou maior, en función da gravidade da falta e dos perxuízos que ocasionen a outros usuarios.*

- 6. As infraccións leves serán sancionadas coa prohibición de acceso á piscina dende un día ata sete.*

*As sancións que impliquen suspensión de acceso á piscina por máis dun día serán resoltas pola Alcaldía, previo expediente tramitado segundo a lexislación vixente reguladora da potestade sancionadora (na actualidade o Real decreto 1.398/1993 de 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento de Procedemento par o exercicio da potestade sancionadora), coas especificacións que de seguido se establecen.*

*En todo caso a infracción dunha falta moi grave ou grave poderá levar aparellada a medida cautelar de suspensión do dereito de acceso ata sete días.*

*O expediente sancionador instruirase segundo os seguintes trámites:*

*a.- Na resolución de incoación reflectiranse os feitos, a cualificación dos mesmos, a norma infringida e a proposta de sanción que da mesma se derive e as medidas cautelares que se fixen.*

*b.- O expediente será sometido a audiencia, vista e proba, pllo prazo de cinco días hábiles.- De proporse proba e non poder practicarse no trámite de audiencia deberá de levarse a cabo no prazo máximo de tres días hábiles.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*c.- Resolución definitiva no día seguinte ó que remate ó prazo da práctica da proba.*

*Con independencia das sancións procedentes, se algunha infracción levara aparelado o deterioro, rotura ou dano dalgún dos elementos da instalación o infractor ou, se é o caso, quen exerza a patria potestade, tutela ou garda legal, deberá abonar o importe das reparacións ou reposición dos materiais precisos que teñan que realizarse.*

### **Art. 12. Información o usuario**

*Os últimos controis sobre a calidade da auga dos vasos da piscina expóranse nun lugar visible e fácilmente accesible ós usuarios.*

*Así mesmo na entrada dos servicios e aseos figurará tamén visible a data e hora da última limpeza coa sinatura indicativa do responsable da mesma.*

### **Art. 13. Libro de rexistro da calidade da auga do baño**

*Créase un "Libro RExistro da calidade da auga do baño" que conterá todas as analíticas de cada un dos vasos da piscina.*

#### Disposición Adicional.-

*No non previsto no presente regulamento rexirá a lexislación de réxime local.*

#### Disposición final:

*O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e estará en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.*





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## ANUNCIO

Resultando aprobada definitivamente a imposición e a Ordenanza Fiscal da Taxa **pola Utilización da Piscina Municipal**, aprobada polo Pleno Municipal en sesión de 6 de novembro de 2008, ó non terse presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública (B.O.P. nº 222 de 14.11.08), faise público o texto íntegro da mesma que é do seguinte teor literal:

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL**

*Art. 1º.- Fundamento e natureza*

*Ó ampara do previsto nos artigos 57 e 20, epígrafes I e 4 o) do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 de dito texto legal, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa pola utilización das Instalacións Deportivas*

*Art. 2º.- Feito imponible*

*Cosntitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servico de piscina especificados na tarifa desta taxa*

*Art. 3º.- Suxeito pasivo*


*Son suxeitos pasivos da taxa, en concpeto de cocontribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que se beneficien da utilización das instalacións, consonte o feito imponible da taxa.*

*Art, 4º.- Responsables.*

- 3. Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.*
- 4. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos ou alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.*

*Art. 5º. Beneficios fiscais.*

*Só se admitirán os beneficios fiscais que veñan establecidos pola lexislación vixente.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*Art. 6º. Cuota tributaria.*

*A contía da taxa determinarásese aplicando as seguintes tarifas:*

**TARIFAS APLICABLES.**

*ABONADOS DO CONCELLO DE RIBADUMIA:*

*Cuota por temporada: 1 €*

*ABONADOS DE FORA DO CONCELLO DE RIBADUMIA:*

*Bonos individuais:*

*Ata 9 anos: 30 €/ mes*

*Máis de 9 anos: 50 €/ mes*

*ENTRADA SEN BONO:*

*Ata 9 anos: 1,50 €*

*Máis de 9 anos: 3 €*


*Art. 7º.- Devengo*

*Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír unha vez se autorice a referida utilización das instalacións.*

*Art. 8º.- Réxime de declaración e ingreso:*

*O ingreso da taxa realizarase:*

- 3. Tratándose da utilización das instalacións a taxa recaudarase mediante autoliquidación, ingresando o seu importe o solicitante nas **entidades bancarias colaboradas deste Concello o na tesourería municipal.***



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

**4. No caso de entradas libres sen bonos o pago efectuarase é entrada da piscina ó persoal encargado correspondente.**

*Art. 9º.- Infraccións e sancións:*

*As infracción e sanción en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.*

*Disposición final:*

*A presente ordenanza entrará en vigor + e será de aplicación a partires da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.*

**ANEXO**

**ABONADOS: PROCEDIMIENTO DE ABONOS:**

*Tódalas persoas que desexen utilizar os servicios da piscina de Ribadumia, na calidade de abonado deberán presentar a seguinte documentación nas oficinas municipais:*

- *Fotocopia do D.N.I.*
- *2 fotografías tamaño carnet.*
- *Fotocopia da tarxeta sanitaria.*
- *Dirección actual e teléfono de contacto.*

*Para acceder ás instalacións o usuario deberá presentarse ante o encargado da instalación o carnet de abonado que lle acredite como tal .-*

*No caso de non presentalo mesmo, deberá para poder acceder ás instalacións deberá facer efectivo o importe correspondente dunha entrada*

Ribadumia, 23 de decembro de 2008



Alcaldesa,  
Asda. Ma. Salomé Peña Muñiz

tel. 986 719 491 - 986 718 499 • Telefax 986 716 393 • C. Postal 30630 • C.I.F. P-360460074